



CONCELLO
DE
PONTEAREAS
(Pontevedra)

APROBADO POLA XUNTA DE
GOBERNO, NA SESION CON
DATA 14 de 9 de 2015
Ponteareas 14 de 9 de 2015



BASES QUE REXERÁN O CONCURSO DE MÉRITOS DO POSTO DE DIRECCIÓN DO CONSERVATORIO MUNICIPAL "REVERIANO SOUTULLO" e "ESCOLA DE MUSICA VILA DO CORPUS", E APERTURA DE CONVOCATORIA

A Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, modifica os artigos 133, 134 e 135 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, relativos á selección da dirección dos centros docentes públicos que imparten as ensinanzas reguladas nesta lei, aos requisitos para ser candidatos a director/a e ao procedemento de selección. No artigo 135.1 establécese que para a selección das direccións nos centros públicos, as administracións educativas convocarán concurso de méritos e establecerán os criterios obxectivos e o procedemento de selección, así como os criterios de valoración dos méritos do/da candidato/a e do proxecto presentado.

Propónse convocar concurso de méritos para seleccionar a dirección do Conservatorio Profesional de Musica "Reveriano Soutullo" e da Escola de Música "Vila do Corpus" de Ponteareas, dando por rematado o mandato actual de carácter extraordinario ou accidental, para mellorar o funcionamento do Centro.

A convocatoria axústase ao previsto na Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa e aos preceptos que se manteñen vixentes do Decreto 29/2007, do 8 de marzo, polo que se regula a selección, o nomeamento e o cesamento dos directores e directoras dos centros docentes públicos que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Na súa virtude, a xunta de goberno local do Concello de Ponteareas
DISPÓN:

Primeiro. Convocatoria

Convócase concurso de méritos para seleccionar e nomear a dirección do Conservatorio Profesional de Musica "Reveriano Soutullo" e da Escola de Música "Vila do Corpus" de Ponteareas onde se imparten ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

A selección realizarase de conformidade cos principios de igualdade, publicidade, mérito e capacidade.

Segundo. Requisitos para ser candidata ou candidato á dirección

1. Para participar neste concurso de méritos para ser nomeada/o directora ou director do centro docente público dependente da Concellería de Educación do Concello de Ponteareas, deberán reunirse os seguintes requisitos:



CONCELLO
DE
PONTEAREAS
(Pontevedra)

APROBADO POLA XUNTA DE
GOBERNO, NA SESION CON
DATA 14 de 9 de 2015
Ponteareas, 14 de 9 de 2015



a) Ser empregado/a público dun corpo docente a que se refire a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

b) Ter unha antigüidade de polo menos cinco anos como empregado/a público na función docente.

c) Ter impartido docencia directa como empregado/a público, durante un período de polo menos cinco anos, nalgunha das ensinanzas das que ofrece o centro a que se opta.

d) Estar prestando na actualidade servizos no Conservatorio Municipal "Reveriano Soutullo", dependente da Concellería de Educación do Concello de Ponteareas, nalgunha das ensinanzas que ofrece o centro a que se opta, cunha antigüidade no mesmo de polo menos, un curso completo ao publicarse a convocatoria.

Terceiro. Solicitudes e documentación

1. A solicitude de participación no concurso de méritos se dirixirán ao Sr. Alcalde Presidente do Concello de Ponteareas e deberán presentarse no registro Xeral de Entrada da Casa do Concello co enderezo: Xardins da Xiralda s/n cp: 36980

Xunto coa solicitude achegarase ademais:

a) Documentación acreditativa, compulsada ou acompañada dos orixinais, dos méritos académicos e profesionais alegados en relación co baremo que se publica como anexo I de este anuncio.

b) Proxecto de dirección que inclúa, polo menos, os obxectivos, as liñas de actuación e a súa avaliación. No proxecto de dirección deberá facerse referencia, entre os seus obxectivos xerais e as liñas prioritarias de actuación, as previstas nos artigos 9 e 10 da Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes.

O proxecto de dirección non excederá 30 folios DIN A4 a unha cara, no tipo de letra Times New Roman tamaño 10, espazo entre liñas: 1,5.

c) Calquera outra documentación que a candidata ou candidato considere idónea en interese da súa solicitude.

2. Así mesmo, os participantes no concurso de méritos remitirán ao centro unha copia do seu proxecto de dirección. Este proxecto estará á disposición dos membros do Claustro de Profesores e do Consello Escolar na Secretaría do centro durante un período mínimo de 10 días lectivos, no horario que estableza a Dirección do centro.



CONCELLO
DE
PONTEAREAS
(Pontevedra)

APROBADO PELA XUNTA DE
GOBERNO, NA SESION CON
DATA 14 de 9 de 2015
Ponteareas 14 de 9 de 2015



No taboleiro de anuncios da sala de profesores exporase unha relación das candidaturas presentadas, así como o prazo e o horario en que poderán verse os proxectos de dirección na Secretaría.

3. No caso de que opte por presentar a súa solicitude ante unha oficina de Correos, farase en sobre aberto, para que a instancia sexa datada e selada polo funcionario de Correos antes de ser certificada.

Cuarto. Prazo de solicitude

O prazo de presentación de solicitudes e documentación será de 30 días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación na web municipal e no taboleiro de anuncios do centro e do Concello.

Quinto. Comisión de Selección

1. No centro educativo constituirase a comisión de selección, nomeada pola Xunta de Goberno Local, que terá a seguinte composición:

a) Un funcionario/a ou Laboral que pertenza a grupo de titulación igual ou superior a requerida para ser mestre de música no Conservatorio Municipal, designado/a pola Xunta de Goberno Local, que exercerá como presidenta ou presidente.

b) Dous músicos de reputada traxectoria en centros públicos de ensinanza musical, designados pola Xunta de Goberno Local.

c) Un profesor/a do centro elixido polo Claustro de Profesores, en reunión extraordinaria para estes efectos. No caso de producirse empate no número de votos, repetirase unha vez a votación e, de persistir o empate, dirimirase por sorteo.

d) Un membro do Consello Escolar, elixido por e entre os membros do Consello Escolar que non sean profesores. No caso de producirse empate no número de votos, repetirase unha vez a votación e, de persistir o empate, dirimirase por sorteo.

2. Actuará como secretaria ou secretario da comisión o/a representante do Claustro de Profesores.

3. En ningún caso, as candidatas ou candidatos á dirección poderán formar parte da Comisión de Selección.

4. Designaranse suplentes dos membros da Comisión de Selección en cada un dos ámbitos de representación que actuarán en substitución dos titulares cando exista causa xustificada que impida a actuación destes.



CONCELLO
DE
PONTEAREAS
(Pontevedra)

APROBADO POLA XUNTA DE
GOBERNO, NA SESION CON
DATA 14 de 9 de 2015
Ponteareas 14 de 9 de 2015



5. Aos membros da Comisión de Selección seranlles de aplicación as normas sobre abstención e recusación previstas nos artigos 28 e 29 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

6. A Dirección do centro efectuará a proposta de nomeamento dos representantes do Claustro e do Consello Escolar na Comisión de Selección a Xunta de Goberno Local, no prazo de cinco días seguintes ao remate do prazo de solicitudes establecido na epígrafe cuarta deste anuncio, sen que se teñan en consideración posibles ampliacións deste.

7. A non elección dos representantes do Claustro de Profesores ou do Consello Escolar non impedirá a constitución e o normal funcionamento da Comisión de Selección.

8. A composición da Comisión de Selección publicarase no taboleiro de anuncios do centro.

Séxto. Funcións da Comisión de Selección e procedemento de funcionamento

1. Unha vez recibidas as solicitudes, a Comisión de Selección comprobará que as persoas aspirantes reúne os requisitos establecidos neste anuncio e notificaralle ao persoal aspirante a admisión ou o rexeitamento da súa petición.

2. Contra o rexeitamento da solicitude, os aspirantes poderán presentar reclamación ante a propia comisión seleccionadora, no prazo de cinco días naturais contados desde o día seguinte ao da notificación do rexeitamento da solicitude.

3. A Comisión de Selección valorará os méritos académicos e profesionais de cada aspirante, de acordo co baremo que se publica como anexo I deste anuncio.

4. Para o desenvolvemento da valoración do proxecto de dirección desta parte, os candidatos serán citados a través do taboleiro de anuncios da sede da Comisión, con indicación do lugar, data e hora en que deberán presentarse e cunha antelación mínima de 48 horas.

A orde de actuación dos candidatos iniciarase por orden alfabética do primeiro apelido de cada un dos candidatos.

4.1. Exposición e defensa.



CONCELLO
DE
PONTEAREAS

(Pontevedra)

APROBADO POLA XUNTA DE
GOBERNO, NA SESION CON
DATA 14 de ... 9 ... de 2015
Ponteareas. 14 de ... 9 ... de 2015



O proxecto de dirección presentado, deberá ser exposto e defendido polo candidato ante a Comisión de Selección.

Cada candidato dispoñerá dun máximo de corenta e cinco minutos para o desenvolvemento do seu proxecto de dirección, dos cales dedicaranse un máximo de vinte minutos á presentación e exposición das características máis relevantes do proxecto e, o resto, a un debate cos membros da Comisión para o seu defensa.

Os integrantes da Comisión formularán as preguntas que consideren oportunas para a avaliación da calidade do proxecto e o seu adecuación á realidade e necesidades do centro.

4.2. Avaliación.

A Comisión de Selección evaluará a calidade e viabilidade do proxecto de dirección e a súa adecuación ás características do centro educativo e da súa contorna.

O proxecto de dirección se evaluará de 0 a 12 puntos, que se desglosarán do seguinte xeito:

a) Calidade e viabilidade do proxecto de dirección (obxectivos básicos, liñas de actuación, plans de mellora), ata 6 puntos.

b) Adequación ás características do centro e a súa contorna educativa (características do alumnado, características do centro e dos ensinos que imparte, contorna social, cultural e económico, relacións do centro coa comunidade educativa e outras institucións), ata 3 puntos.

c) Adequación á organización interna do centro que figura no proxecto (relacións cos órganos de participación no control e xestión do centro, organización do equipo directivo, distribución de funcións e tarefas, coordinación e formas de participación dos órganos de coordinación docente), ata 3 puntos.

A Comisión de Selección deberá ter en conta na cualificación dos proxectos de dirección presentados a súa adecuación ás condicións establecidas nesta convocatoria, podendo deixar de valorarse os proxectos que incurran en graves defectos de forma. No caso de que a Comisión comprobese fehacientemente que algún proxecto de dirección non é orixinal, non procederá á avaliación do mesmo.

5. A cualificación do proxecto de dirección será a media aritmética das cualificacións de todos os membros presentes da comisión. Cando entre as puntuacións outorgadas polos membros da comisión exista unha diferenza de tres ou máis enteiros, serán automaticamente excluídas as cualificacións máxima e mínima, calculándose a puntuación media entre as cualificacións restantes. No caso de empate entre cualificacións máximas ou mínimas, unicamente será excluída unha delas.



CONCELLO
DE
PONTEAREAS
(Pontevedra)

APROBADO PELA XUNTA DE
GOBERNO, NA SESION CON
DATA 14 de 9 de 2015
Ponteareas, 14 de 9 de 2015



6. Contra as puntuacións outorgadas pola Comisión de Selección poderá presentarse reclamación ante a propia comisión no prazo de cinco días hábiles computados a partir do día seguinte ao da súa publicación no taboleiro de anuncios do centro educativo.

Sétimo. Selección das candidaturas

1. Transcorrido o prazo de reclamacións e, se é o caso, resoltas estas, a Comisión de Selección establecerá a puntuación final obtida polos aspirantes e seleccionará a candidata ou candidato que propoñan como directora ou director do centro, para o seu nomeamento pola Xunta de Goberno Local.

2. Para poder ser seleccionado e ser nomeado para a dirección é necesario obter polo menos seis puntos no proxecto de dirección.

3. No caso de se produciren empates na puntuación total dos aspirantes, estes dirimiranse atendendo sucesivamente aos seguintes criterios:

- a) Maior puntuación no proxecto de dirección.
- b) Maior puntuación na epígrafe 2 do baremo establecido no Anexo I
- c) Maior puntuación na epígrafe 1 do baremo establecido no Anexo I

Oitavo. Recursos

Contra a decisión da Comisión de Selección, en que resolve definitivamente o concurso de méritos de selección e nomeamento da dirección do centro, cabe recurso de alzada, no prazo dun mes, ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Ponteareas.

Noveno. Nomeamento

1. A Xunta de Goberno Local procederá a nomear directora ou director a persoa proposta pola comisión avaliadora.

2. Antes do nomeamento o candidato se compromete a firmar un pacto de exclusividade co Concello de Ponteareas polo que recibirá a compensación económica prevista no Convenio Colectivo e terá plena dedicación o cargo de director/a do Conservatorio Municipal.

3. O nomeamento da dirección realizaranse ao rematar o proceso de selección e por unha duración de 4 anos. Non obstante, farase coincidir o remate do curso 2018/2019, debido a que o nomeamento neste curso farase xa escomezado o mesmo.



CONCELLO
DE
PONTEAREAS

(Pontevedra)

APROBADO POLA XUNTA DE
GOBERNO, NA SESION CON
DATA 14 de 9 de 2015
Ponteareas 14 de 9 de 2015



Décimo. Nomeamento con carácter extraordinario

Nos supostos de ausencia de candidatos, ou cando a comisión correspondente non seleccione ningún candidato, a dirección será nomeada pola Xunta de Goberno Local oídos o Claustro de Profesores e o Consello Escolar, por un período de dous anos, entre o profesorado que reúna os requisitos establecidos na epígrafe segunda deste anuncio.

ANEXO I

Méritos	Puntos	Documentación xustificativa
1. Antigüidade (máximo 3 puntos).		
1.1. Por cada ano de servizos como empregado/a público que superen os cinco exixidos como requisitos:	0,50	Fotocopia cotexada do título administrativo coas dilixencias das distintas posesións e cesamentos que tivese desde o seu nomeamento como empregado/a público ou, se é o caso, dos correspondentes documentos de inscrición nos rexistros de persoal.
1.2. Por cada ano de servizos como empregado/a público noutros corpos ou escalas docentes que impartan algunha das ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación:	0,25	Fotocopia cotexada do título administrativo coas dilixencias das distintas posesións e cesamentos que tivese desde o seu nomeamento como empregado/a público ou, se é o caso, dos correspondentes documentos de inscrición nos rexistros de persoal.
2. Desempeño da Dirección de centros públicos e outros cargos directivos e de postos na Administración educativa (máximo 2 puntos).		
2.1. Por cada ano como directora ou director nun centro que impartise algunha das ensinanzas do centro a que se opta: a) No centro a que se opta	0,25	Fotocopia cotexada do nomeamento, coas dilixencias da toma de posesión e cesamento.
b) Noutros centros	0,20	
2.2. Por cada ano como directora ou director nun centro que non impartise algunha das ensinanzas do centro ao que se opta:	0,15	Fotocopia cotexada do nomeamento, coas dilixencias da toma de posesión e cesamento.



CONCELLO
DE
PONTEAREAS

(Pontevedra)

APROBADO POLA XUNTA DE
GOBERNO, NA SESION CON
DATA 14 de 9 de 2015
Ponteareas, 14 de 9 de 2015



Méritos	Puntos	Documentación xustificativa
2.3. Por cada ano como subdirector ou xefe de servizo en postos da Administración educativa:	0,10	Fotocopia cotexada do nomeamento, coas dilixencias da toma de posesión e cesamento.
2.4. Por cada ano como vicedirector, subdirector, secretario ou xefe de estudos dun centro que impartise algunha das ensinanzas do centro a que se opta:		Fotocopia cotexada do nomeamento, coas dilixencias da toma de posesión e cesamento.
a) No centro a que se opta	0,15	
b) b) Noutros centros	0,10	
2.5. Por cada ano como vicedirector, subdirector, secretario ou xefe de estudos dun centro que non impartise algunha das ensinanzas do centro a que se opta:	0,05	Fotocopia cotexada do nomeamento, coas dilixencias da toma de posesión e cesamento.
2.6. Por cada ano como xefe de departamento, coordinador dos equipos de normalización lingüística, coordinador de ciclo e análogos, dun centro que impartise algunha das ensinanzas do centro a que se opta:	0,05	Fotocopia cotexada do nomeamento, coas dilixencias da toma de posesión e cesamento.
3. Méritos académicos: máximo 1 punto.		
3.1. Por cada título de doutor:	0,50	Fotocopia cotexada do título ou certificación do aboamento dos dereitos de expedición, de acordo co previsto na O.M. do 8 de xullo de 1988 (BOE do 13 de xullo).
3.2. Por cada título de licenciado, enxeñeiro ou arquitecto distinto do alegado para ingreso no corpo, ou polo certificado-diploma de estudos avanzados:	0,25	Fotocopia cotexada do título ou certificación do aboamento dos dereitos de expedición, de acordo co previsto na O.M. do 8 de xullo de 1988 (BOE do 13 de xullo).
3.3. Por cada título de diplomado universitario ou equivalente distinto do alegado para o ingreso no corpo:	0,15	Fotocopia cotexada do título ou certificación do aboamento dos dereitos de expedición, de acordo co previsto na O.M. do 8 de xullo de 1988 (BOE do 13 de xullo).



CONCELLO
DE
PONTEAREAS
(Pontevedra)

APROBADO POLA XUNTA DE
GOBERNO, NA SESION CON
DATA 14 de 9 de 2015
Ponteareas, 14 de 9 de 2015



Méritos	Puntos	Documentación xustificativa
4. Cursos de formación: máximo 3 puntos. Por cursos de formación relacionados coa función docente organizados polas administracións educativas que se atopen en pleno exercicio das súas competencias en materia educativa, por institucións sen ánimo de lucro, que fosen homologados ou recoñecidos polas administracións citadas con anterioridade, así como os organizados polas universidades: 0,25 puntos por cada 10 horas.		
4.1. Por actividades e cursos recibidos:	Ata 2	Certificado deles en que conste de modo expreso o número de horas de duración do curso. No caso dos organizados polas institucións sen ánimo de lucro, deberá acreditarse de forma que faga fe o recoñecemento ou homologación.
4.2. Por cursos impartidos:	Ata 1	Certificado deles en que conste de modo expreso o número de horas de impartición no curso. No caso dos organizados polas institucións sen ánimo de lucro, deberá acreditarse de forma que faga fe o recoñecemento ou homologación.
5. Proxecto de dirección.	Ata 12	Orixinal deste.

2º.-Abrir a convocatoria concedendo un prazo de presentación de solicitudes e documentación de 30 días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación na web municipal e no taboleiro de anuncios do centro e do concello.

3º.-Os directores actuais do conservatorio municipal e da escola de música permanecerán en funcións ata o remate do procedemento.